

ADDENDA AO CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

REÚNENSE:

Dunha parte, dona Fabiola García Martínez, Conselleira de Política Social e Xuventude, en virtude do Decreto 60/2023, do 15 de maio, que actúa no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, e de conformidade co disposto no Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, así como no Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Xuventude.

Doutra parte, don Antonio López Díaz, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 35/2022, de 17 de marzo, do seu nomeamento, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 56, do 22 de marzo, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e o Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

MANIFESTAN:

O seu interese en actualizar o convenio de colaboración educativa asinado entre a Consellería de Política Social e a Universidade de Santiago de Compostela, con data do 5 de abril de 2018 e prorrogado con data do 25 de marzo de 2022. En consecuencia, acórdase incluír a seguinte cláusula e deixar sen validez todas aquelas outras incluídas no convenio orixinal que se lle opoñan:

CLÁUSULA ÚNICA: Inclusión no réxime xeral da Seguridade Social

A inclusión no réxime xeral da Seguridade Social do estudantado que realice prácticas académicas externas rexerase polo establecido no apartado 34 do Real decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, polo que se modifica a disposición adicional quincuaxésima segunda do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, e polo desenvolvemento normativo establecido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS).

En todo caso, desde o 1 de xaneiro de 2024, a Universidade asumirá a cotización e tramitación da alta do estudantado na Seguridade Social, agás no que se refire ao estudantado dos centros adscritos, xa que neste caso será o propio centro o que asumirá esta obriga.

En proba de conformidade, ámbalas dúas partes asinan esta *addenda* por duplicado en Santiago de Compostela, o 22 de febreiro de 2024.

A CONSELLEIRA DE POLITICA SOCIAL E XUVENTUDE	O REITOR DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Fabiola García Martínez	Antonio López Díaz